



## REGULAMENTO DE REXIMEN INTERNO CAMPING MUNICIPAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO E REGULACIÓN DA TARIFA A EXIXIR AOS USUARIOS DO DITO CAMPAMENTO TURÍSTICO

### DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.- E obxecto do presente Regulamento regular las normas de réxime interno que establece a normativa galega, dentro do Camping Municipal do Concello de Valdoviño.

Artigo 2º.- Todas as persoas que entren no Camping veñen a cumprir as disposicións de este Regulamento e a Lexislación que regula la acampada turística, principalmente na actualidade especificamente a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia e Decreto 144/2013 de 5 de setembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia

Artigo 3º.- Poderán entrar no Camping todos los campistas, sen distinción de raza, sexo, condición social nin nacionalidade, de idade igual ou superior a 16 anos ( ver artigo 33 do decreto 144/2013) e menores acompañados dos pais nais ou persoas maiores responsables e sempre e cando poida asegurarse que esos menores contan coa pertinente autorización dos seus proxenitores/as ou gardadores/as, e que teñan debidamente formalizada a inscrición de entrada no establecemento.

Có debido e previo control poderán acceder os usuarios das instalacións complementarias e usos que poidan desenvolverse nas instalacións

Artigo 4º.- Todo campista, polo feito de inscribirse, aceptará as normas do presente Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 5º.- A ocupación dos usuarios do Camping non poderá ser superior ao período que oficialmente este aberto. Establécese inicialmene a tempada de prestación de servizo de campamento turístico dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cado ano, ou tempada superior ofertada polo concesionario. En ningún caso poderá constituir a residencia habitual das persoas usuarias do campamento turístico.

### REGISTRO DE ENTRADA

Artigo 6º.- Para entrar no Camping e obrigatorio a presentación do correspondente Documento Nacional de Identidade, Pasaporte ou documento que conforme a normativa vixente sexa exixible para acreditar a identidade, así como cubrir a documentación en cada momento exixida para elo polas autoridades pertinentes.

Artigo 7º.- Unha vez realizada a inscrición, asignaráselle o lugar onde acampar. **Non se permite cambiar sen permiso expreso da dirección.**

Artigo 8º.- Non se producirá a admisión nin a entrada de ningún cliente no Camping entre as once da noite e as nove da mañá seguinte.



Valdoviño

## TARIFAS E CONDICIÓN

**Artigo 9.-** A Dirección terá exposta ao público en Recepción a lista de prezos, oportunamente selada por Turismo, comprometéndose a non percibir prezos superiores ou inferiores aos consignados en dita lista.

**Artigo 10.-** O prezo global contarase por días ou por xornadas. Salvo pacto en contrario, a xornada terminará as 12 horas; o cliente que non abandone a dita hora a parcela que ocupa entenderase que prolonga a súa estancia un día máis.

**Artigo 11.-** O pago polo uso do establecemento efectuarase en Recepción durante o horario de caixa no momento de abandonar o Camping. As tarifas a cobrar aos usuarios do campamento municipal serán as seguintes;

### A) TARIFA PARA CONTRATOS POR DÍAS

Parcela	14,50 €
Bungalow	90,00 €
Electricidade	4,50 €
Auga	
Autocaravana	8,00 €
Moto	2,40 €
Coche	3,50 €
Caravana	5,50 €
Tenda grande	6,00 €
Tenda pequena	4,20 €
Adultos	4,00 €
Nenos	2,60 €
Mascotas	2,50 €

### REGRAS A APLICAR NESTA TARIFA

1. Entenderase por xornada o período de tempo comprendido entre as 12:00 horas de cada día ata as 12:00 horas do día seguinte. Se a permanencia non acadara unha xornada completa esixiranse as anteriores cotas sen redución algunha, por seren mínimas.

### B) TARIFAS PARA CONTRATOS TRIMESTRAIS

- a) Por cada caravana meses de xuño, xullo e agosto.....624, 25€

### C) TARIFAS PARA CONTRATOS SEMESTRAIS

- a) Por cada caravana dende Semana Santa ata fin de agosto.....832,35€

### D) TARIFAS PARA CONTRATOS ANUAIS

- a) Por cada caravana.....1040,40€

### REGRAS A APLICAR NESTA TARIFA

1º) Neste prezo inclúese tenda, caravana, autocaravana, un matrimonio ata tres fillos, coche e electricidade.

### E) TARIFAS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS

- a) Polo uso da lavadora.....3,50€
- b) Polo uso da secadora.....3,50€



Na contía das tarifas especificadas para os distintos servizos ou actividades ou aproveitamentos non se contempla o IVE, en consecuencia o mesmo deberá ser repercutido polo concesionario incrementando o importe a pagar.

As ditas tarifas poderán ser revisadas a solicitude do concesionario previo cumprimento dos requisitos establecidos no PPAP que regulan o dito contrato, a actualización efectuarase mediante a aplicación dunha porcentaxe equivalente á variación interanual experimentada polo IPAC ( Índice General Nacional de Precios ) referido a Campings de segunda categoría correspondente ao mes de decembro do ano anterior a solicitude da revisión das tarifas, que será aplicable a partires do seguinte ano natural e previa aprobación da revisión de importes pola Xunta de Goberno Local.

## **NORMAS XERAIS**

Artigo 12.- Durante o día, o concesionario dispoñerá, ao menos, dunha persoa encargada en Recepción, información, limpeza e recollida de lixo.

Artigo 13.- Os clientes estarán obrigados a depositar o lixo e desperdicios nos recipientes dispostos a tal fin. Do mesmo modo observarán o máximo coidado en orden a preservar a limpeza da súa parcela e dos espazos de uso común.

Artigo 14.- Establecese a prohibición absoluta de facer lume fora dos lugares previstos para elo, así como no interior das tendas de campaña. A vulneración desta norma poderá supor a expulsión do campista.

Artigo 15.- Respetar o Medio Natural e Instalacións do recinto.

Artigo 16.- Respetar o Horario de Descanso, que comprende dende as 24 horas a las 8 de la mañá do día seguinte, durante as cales manterase o máis absoluto silencio.

Artigo 17.- O volume dos aparatos de radio, televisión u outros electrónicos, manterase a un nivel que non moleste aos conveciños. Non poderán portarse armas ou obxectos que poidan causar accidentes. Non se poderá introducir no campamento persoas non aloxadas sin previa autorización do persoal do campamento de turismo. Non se poderán colocar cordas, cordeis ou similares nos lugares non habilitados ao efecto. E non se poderán usar inadecuadamente os distintos elementos e servizos do establecemento.

Artigo 18.- Os servizos de uso común deberás deixalos tal como te gustaría atopalos. Comunicar a Recepción calquera anomalía que se puída producir, có fin de poder subsanala á maior brevidade.

## **VEHÍCULOS**

Artigo 19.- Limitátese a velocidade dentro do recinto a 10 Kms/hora.

Artigo 20.- Prohíbese a entrada de vehículos de transporte ou mercadorías fora da hora establecido para elo.

Artigo 21- Os vehículos rexistrados deberán aparcar no lugar que se lles asigne.



Artigo 22.- Por razóns de saúde pública, prohibese manter o vehículo en marcha, sen causa xustificada.

Artigo 23.- Có fin de non perturbar o descanso dos campistas, dende as 24 horas hasta las 8 horas do día seguinte, ningún vehículo, poderá circular, entrar ou saír do camping, debendo quedar aparcado no exterior do mesmo.

### **ANIMAIS**

Artigo 24.- Todo animal propiedade dos campistas, deberá ser declarado en Recepción; **e deberá permanecer en todo momento suxeito, sendo os seus donos os responsables de recoller ás deposicións.** Non poderán acompañarse os usuarios do camping de animais que manifestamente supoñan un perigo ou molestia ao resto de usuarios.

Artigo 25.- Calquera dano ou desperfecto que causaran los animais a persoas, obxectos ou instalacións será responsabilidade persoal do responsable do animal.

### **RESPONSABILIDADE**

Artigo 26.- Será responsabilidade do campista aqueles desperfectos ocasionados nas instalacións por eles, xa sexa involuntaria ou deliberadamente.

Artigo 27.- A Concesionaria do Camping non se fai responsable de extravíos, hurtos, perda ou danos causados nos obxectos propiedade dos campistas, así como dos danos causados por incendios ocasionados polos propios campistas, incidencias atmosféricas ou calquera causa allea á Concesionaria ou ao propietario.

Artigo 28.- Os campistas veñen obrigados a obedecer as instrucións que facilite o concesionario do Camping en beneficio dos propios campistas, podéndose chegar a expulsar ao campista en caso contrario, previa notificación á autoridade local competente.

Artigo 29.- O concesionario do campamento de turismo deberá ter contratado un seguro de responsabilidade civil que garanta o normal desenvolvemento da actividade de campamento de turismo. A cobertura por responsabilidade civil deberá cubrir os danos corporais, materiais e perxuizos económicos que deriven do desenrolo da súa actividade. Deberán manter permanentemente vixente a dita póliza e aos efectos, ter a disposición da inspección de turismo a póliza e correspondente recibo de pagamento